



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 23 DE XANEIRO DE 2023

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2023/00003328K.

Aprobación de acta de sesión anterior.

Apróbase a acta da sesión ordinaria de data 16 de xaneiro de 2023.

2. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00023348S.

Licenza para a substitución de núcleo de escaleira para instalación de ascensor, mantemento de cuberta e illamento de fachadas do edificio situado na Rúa San Pedro de Mezonzo 6-8.

Acórdase conceder á Comunidade de Propietarios San Pedro de Mezonzo 6-8 licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución de data de visado do 27/03/2020 e a documentación presentada o 29/11/2022, a substitución de núcleo de escalera para instalación de ascensor, mantemento de cuberta e illamento de fachadas do edificio situado na Rúa San Pedro de Mezonzo 6-8 Santiago de Compostela (A Coruña) cun orzamento de execución material de 263.828,40 €.

3. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2022/00016386H.

Licenza para rehabilitación forxado do teito da planta baixa do edificio entre medianeiras na Rúa Casas Reais, 25.

Acórdase conceder a LA FLOR 25 SL licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme proxecto de execución presentado o 11/10/2022, cun orzamento de execución material de 40.656,62, a rehabilitación de forxado de teito de planta baixa de edificio entre medianeiras situada na Rúa das Casas Reais, 25 Santiago de Compostela (A Coruña).

4. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2022/00021325N.

Rexeitar alegacións e denegar licenza para rehabilitación e ampliación da cuberta da vivenda unifamiliar sita na Rúa Basquiños, 85.

Acórdase:

Primeiro: Rexeitar as alegacións presentadas na data 07/11/2022 polos motivos expostos nos antecedentes.

Segundo: Denegar a licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto Proxecto Básico e de Execución presentado o 02/05/2022 , a rehabilitación e ampliación da cuberta da vivenda familiar situada na Rúa dos Basquiños, 85 Santiago de Compostela (A Coruña).

5. LICENZAS DE APERTURA. Referencia: 2022/00035314V.

Licenza de obras para sellado de vertedoiro na Canteira de Miramontes.

Acórdase CONCEDER a SERTEGO SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES, S.L.U., licenza de obras para selado de vertedoiro no Lugar de Grixoa, s/n, segundo Proxecto adaptación del Proyecto de sellado del vertedero “mellora do plan de restauración do espazo central da canteira de

Miramontes co visado colexial de 11/07/2022 e anexo co visado colexial de 09/01/2023, cun orzamento de execución material de 1.524.386,20 euros.

As actuacións consistirán no selado e clausura do vertedoiro.

O inmovible está situado en solo clasificado como rústico no PXOM vixente e cualificado coa ordenanza 15, de solo rústico de protección ordinaria.

6. XESTIÓN URBANÍSTICA. Referencia: 2023/00001299Q.

Aprobación definitiva de modificacións no Proxecto de equidistribución do SUNP-37.3. Costa Vella.

Acórdase aprobar definitivamente as seguintes modificacións no Proxecto de equidistribución do SUNP-37.3 que fora aprobado pola Xunta de Goberno o 26.07.2012:

a) Modificacións na titularidade e/ou descrición das parcelas de orixe:

Procédese a rectificar a titularidade das parcelas achegadas de conformidade coa certificación de dominio e cargas expedida polo Rexistro da Propiedade o día 6 de abril de 2021.

Para as parcelas que non constan inscritas, reflíctese a titularidade que resulta dos títulos xustificativos achegados ao expediente.

b) Modificacións na adxudicación de parcelas resultantes

En cumprimento do esixido polo artigo 13 do RD 1093/1997, adxudícanse as parcelas de reemprazo a favor dos titulares rexistrados das respectivas parcelas de orixe, en aplicación do principio de subrogación real.

Cando as parcelas de orixe non constan inscritas no Rexistro da Propiedade, a adxudicación das parcelas de reemprazo efectúase de conformidade cos títulos xustificativos achegados ao expediente.

c) Adaptación da contía provisional de gastos de urbanización á sentenza ditada no PO 176/2011

Consonte ao disposto no artigo 19.1 do RD 1093/1997, as parcelas de resultado quedan afectas a contribuír ao pagamento dos gastos de urbanización que se repercutan na futura conta de liquidación definitiva, segundo a súa cota porcentual de participación, expresada para cada parcela nunha porcentaxe ou cota (%), a aplicar sobre o importe total de gastos repercutibles.

Esta cota de participación enténdese sen prexuízo das compensacións a que teña dereito o adxudicatario por indemnizacións, diferenzas de adxudicación e outros conceptos, as cales figuran tamén relacionadas na conta de liquidación, reflectíndose logo un “saldo resultante da liquidación provisoria”.

En execución da sentenza ditada no PO 176/2011 -que anulou a repercusión de determinados gastos de urbanización- procedeuse a adaptar a estimación provisional dos gastos imputados ás parcelas de resultado, excluindo todos aqueles que fan referencia ao nó de enlace na estrada N-550, ao estudo do Camiño inglés e ao colector exterior de saneamento.

A resultas da sentenza os gastos repercutibles suman agora un total de 6.341.096,67 euros (excluído IVE). De conformidade co disposto polo artigo 275 do RLSG, coa liquidación da 1ª cota de urbanización (aprobada polo DEC/5754/2019) aboáronse aos interesados o importe das indemnizacións, compensacións en metálico por diferenzas de adxudicación e reintegro de gastos anticipados, previa compensación co importe dos gastos repercutidos.

As indemnizacións fixadas na reparcelación a favor de L.T.V., R.O.S. e cónxuxe, ALUMINIOS PIPOR S.L., e A.G.G., constan aboadas en outubro de 2014, decembro de 2017, novembro de 2019 e novembro de 2022, respectivamente.

Notificación e publicación

O acordo notificarase a todos os interesados e ao Ministerio Fiscal, e comunicarse á Oficina Municipal do Catastro.

Así mesmo, publicarase no Boletín Oficial da Provincia en cumprimento do esixido polo artigo 220.2.c) do RLSG.

Unha vez publicado o acordo, e firme en vía administrativa, procederase a solicitar a inscrición no Rexistro da Propiedade.

7. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2023/00003328K.

Declaración de ausencia de conflito de intereses en expediente de Contratación/subvención.

Os membros presentes da Xunta de Goberno Local declaran:

Expediente: 2022/00039144Y.

CONTRATO: “ *Contrato derivado do acordo marco de servizos de seguridade da información, ciberseguridade e protección de datos persoais. Lote 1: Servizos básicos, Goberno e Xestión da seguridade da información. Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU*”.

Ao obxecto de garantir a imparcialidade no procedemento de contratación arriba referenciado, os membros da Xunta de Goberno Local, como participantes no proceso de preparación e tramitación do expediente, declaran:

Primeiro. Estar informados do seguinte:

1. Que o artigo 61.3 «Conflito de intereses», do Regulamento (UE, Euratom) 2018/1046 do Parlamento Europeo e do Consello, de 18 de xullo (Regulamento financeiro da UE) establece que «existirá conflito de intereses cando o exercicio imparcial e obxectivo das funcións véxase comprometido por razóns familiares, afectivas, de afinidade política ou nacional, de interese económico ou por calquera motivo directo ou indirecto de interese persoal.»

2. Que o artigo 64 «Loita contra a corrupción e prevención dos conflitos de intereses» da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ten o fin de evitar calquera distorsión da competencia e garantir a transparencia no procedemento e asegurar a igualdade de trato a todos os candidatos e licitadores.

3. Que o artigo 23 «Abstención», da Lei 40/2015, de 1 outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, establece que deberán absterse de intervir no procedemento «as autoridades e o persoal ao servizo das Administracións en quen se dean algunhas das circunstancias sinaladas no apartado seguinte», sendo estas:

a) Ter interese persoal no asunto de que se trate ou noutro en cuxa resolución puidese influír a aquel; ser administrador de sociedade ou entidade interesada, ou ter cuestión litixiosa pendente con algún interesado.

b) Ter un vínculo matrimonial ou situación de feito asimilable e o parentesco de consanguinidade dentro do cuarto grao ou de afinidade dentro do segundo, con calquera dos interesados, cos administradores de entidades ou sociedades interesadas e tamén cos asesores, representantes legais ou mandatarios que interveñan no procedemento, así como compartir despacho profesional ou estar asociado con estes para o asesoramento, a representación ou o mandato.

c) Ter amizade íntima ou inimidade manifesta con algunha das persoas mencionadas no apartado anterior.

d) Intervir como perito ou como testemuña no procedemento de que se trate.

e) Ter relación de servizo con persoa natural ou xurídica interesada directamente no asunto, ou prestarlle nos dous últimos anos servizos profesionais de calquera tipo e en calquera circunstancia ou lugar».

Segundo. Que non se atopan incursos en ningunha situación que poida cualificarse de conflito de intereses das indicadas no artigo 61.3 do Regulamento Financeiro da UE e que non concorre na súa/s persoa/s ningunha causa de abstención do artigo 23.2 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público que poida afectar o procedemento de licitación/concesión.

Terceiro. Que se comprometen a por en coñecemento do órgano de contratación, sen dilación, calquera situación de conflito de intereses ou causa de abstención que dea ou puidese dar lugar ao devandito escenario.

Cuarto. Coñecen que unha declaración de ausencia de conflito de intereses que se demostre que sexa falsa carrexará as consecuencias disciplinarias, administrativas e/ou xudiciais que estableza a normativa de aplicación.

8. CONTRATACIÓN. Referencia: 2022/00039144Y.

Adxudicación á empresa “TELEFÓNICA SOLUCIONES DE INFORMÁTICA Y COMUNICACIONES DE ESPAÑA, SA ” do “Contrato derivado do acordo marco de servizos de seguridade da información, ciberseguridade e protección de datos persoais, Lote 1: Servizos básicos, Goberno e Xestión da seguridade da información. Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU”.

Acórdase:

Primeiro: Adxudicar o *Contrato baseado no acordo marco de servizos de seguridade da información, ciberseguridade e protección de datos persoais, Lote 1: Servizos básicos, Goberno e Xestión da seguridade da información (Expte AMT-2021-0044), para a Creación e despregamento dun Centro de Operacións de seguridade (SOC) no Concello de Santiago de Compostela.*, á empresa TELEFONICA SOLUCIONES DE INFORMA Y COMUNI. DE ESPAÑA, S.A.U. por un importe total de **154.432,30 €** (Base impositiva de 127.630,00 € máis IVE do 21% polo importe de 26.802,30 €), por cumprir cos requisitos exixidos no escrito de invitación efectuado.

Desígnase como responsables do contrato ao Director da Área de Modernización, Innovación e Calidade da Administración Local e o Xefe de Servizo de Informática.

Terceiro: Comprometer un gasto por importe de 154.432,30 € con cargo á aplicación orzamentaria 030 92001 6410001 (Código de 2022 2 NGINF 11 1 TRANSFORMACIÓN DIXITAL E MODERNIZACIÓN).

Este contrato está financiado coa convocatoria 2021 de subvencións para proxectos de modernización de dixitalización no ámbito das administración das entidades locais (Orde TER/1204/2021), no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea - NextGenerationEU

9. CONTRATACIÓN. Referencia: 2022/00048653Q.

Aprobación do expediente de contratación da subministración en réxime de aluguer (sen opción a compra) de equipos multifunción e provisión de consumibles para todos os servizos administrativos do Concello de Santiago de Compostela, e apertura do procedemento de adxudicación.

Acórdase:

Primeiro.- Aprobar o expediente denominado *Subministración en réxime de aluguer (sen opción a compra) de equipos multifunción e provisión de consumibles para todos os servizos administrativos do concello de Santiago de Compostela*, e abrir o procedemento aberto de adxudicación e tramitación ordinaria, establecéndose un orzamento máximo de licitación de **682.875,61 €** (base imponible por valor de 564.360,00 € máis IVE do 21% por importe de 118.515,61 €).

Segundo.- Aprobar o gasto correspondente a este contrato que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria 030 92001 2060000, reservándose as cantidades seguintes en función das respectivas anualidades e condicionado, non obstante, a súa inclusión nos correspondentes exercicios orzamentarios:

ANUALIDADE	IMPORTE (C/IVE)
2023	128.039,18 €
2024	170.718,90 €
2025	170.718,90 €
2026	170.718,90 €
2027	42.679,73 €
TOTAL	682.875,61 €

10. OBRAS E PROXECTOS. Referencia: 2022/00015185J.

Modificación del acuerdo de la sesión de 29.9.22, de “Aprobación de la solicitud de ayudas del Plan Estatal de Recuperación, Transformación y Resiliencia de la Economía para ejecutar el proyecto de transformación modal del eje de entrada a la ciudad de las calles Restollal y Amor Ruibal”.

Acórdase:

-Modificar o apartado terceiro do acordo da Xunta de Goberno Local de data 2 de setembro de 2022. Neste apartado sinálase que o Concello de Santiago de Compostela acorda:

Comprometerse a dispor dos recursos tanto técnicos como financeiros necesarios para garantir o mantemento e operación da actuación subvencionada tras a súa posta en marcha e durante polo menos os primeiros catro (4) anos de actividade.

No seu lugar este apartado terceiro debe dicir que o Concello de Santiago acorda:

Comprometerse a dispor dos recursos tanto técnicos como financeiros necesarios para garantir o mantemento e operación da actuación subvencionada tras a súa posta en marcha e durante polo menos os primeiros cinco (5) anos de actividade.

11. COMERCIO. Referencia: 2022/00058465F.

Aprobación do gasto do concurso de escaparates de Nadal 2022/2023.

Apróbase, no eido da convocatoria do concurso de escaparates de Nadal 2022, un gasto por importe de 6.950 euros con cargo á aplicación orzamentaria 010 43100 4790000, do exercicio 2023.

12. XESTIÓN DE PERSOAL. Referencia: 2022/00053672K.

Aboamento de defensa e representación da funcionaria M.M.B.

Acórdase:

Primeiro.- Recoñecer o principio de indemnidade á citada funcionaria, sobre gastos de representación ocasionados polas Dilixencias Previas Procedemento Abreviado 288/2021 seguidas no Xulgado de Instrución nº 3 de Santiago de Compostela.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación das minutas de honorarios profesionais por gastos de representación por un importe total de CINCO MIL CINCOCENTOS TRINTA E UN EUROS CON CORENTA E UN CÉNTIMOS (5.531,41 €), IVE engadido, dos cales corresponden a letrada un total de 5.445,00 euros e a procuradora 86,41 euros.

13. XESTIÓN DE PERSOAL. Referencia: 2022/00053665Z.

Aboamento de defensa e representación do funcionario A.R.S

Acórdase:

1.- Recoñecer o principio de indemnidade do citado funcionario sobre gastos de representación ocasionados polas Dilixencias Previas Procedemento Abreviado 288/2021 seguidas no Xulgado de Instrución nº 3 de Santiago de Compostela.

2.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e que se abonen os gastos de representación ao letrado Martín Fuentes Neave polo importe total de MIL SEISCENTOS SETE EUROS CON VINTE E CATRO CÉNTIMOS (1.607,24 €), dos cales corresponden ao IVE a cantidade de DOUSCENTOS SETENTA E OTO EUROS CON NOVE CÉNTIMOS (278,94 €).

14. XESTIÓN DE PERSOAL. Referencia: 2021/00050163N.

Aboamento de defensa e representación de J.A.VA.

Acórdase:

Primeiro.- Recoñecer o principio de indemnidade ao exconcelleiro do Partido Popular no Concello de Santiago de Compostela, J.A.V.A. sobre gastos de representación ocasionados polas Dilixencias Previas procedemento abreviado 338/2014 tramitada perante o Xulgado de Instrución nº 1 de Lugo e inhibidas ao Xulgado de Instrución nº 1 de Santiago de Compostela, baixo as Dilixencias Previas 476/2020.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e que se abonen os gastos de representación por un importe total de VINTE E NOVE MIL NOVECENTOS ONCE EUROS CON VINTE CÉNTIMOS (29.911,20 €), dos cales corresponden ao IVE a cantidade de CINCO MIL CENTO NOVENTA E UN EUROS CON VINTE CÉNTIMOS (5.191,20 €), do xeito que se indica:

- Aboar a Rivas & Montero, Bufete de Abogados, SLP (actualmente Aristeia Abogados, SLP) a contía de DEZASETE MIL CATROCENTOS VINTE E CATRO EUROS (17.424,00 €), ive engadido.

- Aboar a J.M.F.N.a contía de DOCE MIL CATROCENTOS OITENTA E SETE EUROS CON VINTE CÉNTIMOS (12.487,20 €), ive engadido

15. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2023/00003328K.

Dar conta das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas.

Tómase coñecemento das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas de datas 13 ao 19 de xaneiro de 2023.

URXENCIAS

16. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00044712N - CON/61/2021.

Aprobación do expediente de licitación do “Servizo de conservación e mantemento do cemiterio de Santiago de Compostela” e apertura do procedemento aberto de adxudicación e tramitación ordinaria, cun orzamento base de licitación de 359.517,85 €, IVE engadido.

Acórdase:

Primeiro: Aprobar o expediente que ten por obxecto a licitación do “Servizo de conservación e mantemento do cemiterio de Santiago de Compostela” e abrir o procedemento aberto de

adxudicación e tramitación ordinaria, establecéndose un tipo de licitación de **359.517,85 €**, (base imponible de 297.122,19 € máis IVE do 21% polo importe de 62.395,66 €) e o seu valor estimado é de 445.683,28 €.

Segundo. Aprobar o gasto correspondente a este contrato que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria 020 16400 2270000, reservándose as cantidades seguintes en función das respectivas anualidades e condicionado, non obstante, a súa inclusión nos correspondentes exercicios orzamentarios:

Anualidade 2023: 127.329,24 euros.

Anualidade 2024: 179.758,92 euros.

Anualidade 2025: 52.429,69 euros.

17. CONTRATACIÓN. Referencia: 2022/00056710T -

Aprobación do expediente que ten por obxecto a licitación do “Servizo de operacións de conservación, mantemento, reparación e pequena reforma de espazos públicos do entorno urbano, excluído o ámbito do recinto intramuros da cidade histórica de Santiago de Compostela” e apertura do procedemento aberto de adxudicación.

Acórdase:

Primeiro: Aprobar o expediente que ten por obxecto a licitación do “Servizo de operacións de conservación, mantemento, reparación e pequena reforma de espazos públicos do entorno urbano, excluído o ámbito do recinto intramuros da cidade histórica de Santiago de Compostela” e abrir o procedemento aberto de adxudicación e tramitación ordinaria, establecéndose un tipo de licitación de **599.999,99 €**, (base imponible de 495.867,76 € máis IVE do 21% polo importe de 104.132,23 €) e o seu valor estimado é de 991.735,52 euros.

Segundo. Aprobar o gasto correspondente a este contrato que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria 060 15320 2100001, reservándose as cantidades seguintes en función das respectivas anualidades e condicionado, non obstante, a súa inclusión nos correspondentes exercicios orzamentarios:

	Base de licitación	IVE (21%)	Orzamento total
Ano 2023	185.950,41 €	39.049,59 €	225.000,00 €
Ano 2024	247.933,88 €	52.066,11 €	299.999,99 €
Ano 2025	61.983,47 €	13.016,53 €	75.000,00 €

18. CULTURA E FESTAS. Referencia: 2023/00000473W

Aprobación das bases do concurso do martes de Entroido 2023.

Acórdase:

1. Aprobar as Bases para o desfile-concurso de entroido do Concello de Santiago de Compostela.
2. Autorizar o gasto de 16.000 euros con cargo a aplicación orzamentaria 2023 070 33800 48901 da Concellería de Festas.